<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Padróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	What can you do at the seaside?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas, usando estruturas e léxico elementais, relacionadas coa roupa que vestimos no verán, o que comemos no verán, coidado da praia.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	- Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coas vacacións, o verán e actividades na praia.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en facelo o mellor posible.	TI	80
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Levar a cabo os procesos que se describen no CA2.3 contando con axuda.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, qué recursos son necesarios, qué métodos didácticos son os máis axeitados e como se avalía a aprendizaxe e retroalimentarse o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

. Un dos elementos clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica

unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

. Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

. As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

. Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

. O traballo por proxectos axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

. Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

. Finalmente, é necesaria unha axeitada coordinación entre os docentes

sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

. O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para

construír así significados e atribuírllle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

. As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

. Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso imos procurar que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día. Apoiaremos aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posíbeis situacións ofertaremos actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

. A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar.

Proporcionaremos unha gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino- aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do/a profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar o individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar feed-back, contextualizar as actividades e dar significados comprensíbeis para o/a alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesíbel e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode ocorrer a un falante nativo. Non merece a pena corrir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Método
Material fotocopiabile
Recursos dixitais

Coa finalidade de conseguir o maior éxito posible na nosa intervención docente os recursos materiais e didácticos que se utilizarán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos son os seguintes:

Libro de texto do alumnado.

Recursos fotocopiabiles da proposta didáctica con actividades de reforzo, ampliación e de avaliación.

Portfolio.
 O CD audio do método elexido.
 Material funxible.
 Material feito polos propios mestres: tarxetas, murais, etc.
 Recursos dixitais: DVD, traballo na rede mediante xogos on line...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as dúas primeiras semanas do curso, realizaranse actividades orais e escritas que permitan valorar o nivel que presenta o alumnado nesta área.
 Isto servirá como punto de partida para o desenvolvemento do currículo. Reforzaranse aqueles contidos onde presenten maior dificultade, así como se reforzará al alumnado que presente dificultades, tendo en conta as diferentes medidas de atención a diversidade especificadas no punto 6 desta programación.
 A avaliación inicial levouse a cabo de forma oral e escrita, como xa se mencionou anteriormente, recabando información do coñecemento do vocabulario dos diferentes tópicos. Entre outras:
 Identificación de debuxos co seu nome.
 Respostas corporais a determinadas ordes.
 Saudar, presentarse e despedirse.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	15	20	15	15	100
Proba escrita	10	0	10	10	20	20	11
Táboa de indicadores	90	100	90	90	80	80	89

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grado de adquisición das competencias clave, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe.

No primeiro trimestre, nas dúas primeiras semanas, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso, realizaranse tres avaliacións, tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación:

- . Análise das producións do/a alumno/a.
- . Probas orais.
- . Probas escritas

Instrumentos de avaliación:

- . Caderno de clase 5%
- . Comprensións orais e escritas 10%
- . Proba obxectiva sobre contidos traballados 50%
- . Proba oral sobre contidos traballados 30%
- . Actitude cara o aprendizaxe da lingua estranxeira 5%

Criterios de recuperación:

Teranse en conta os mínimos esixibles.

6. Medidas de atención á diversidade

Nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. No caso de grupo de 2º A xa se actuou realizando unha adaptación curricular ao alumno que a necesita.

Co fin de fomentar o hábito de lectura dedicarase un tempo diario a esta.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado. O profesor titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado do alumnado ao que tutoriza de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente, e manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

a) Para os mellor dotados, facilitaranse contidos e material de ampliación.

b) Alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta:

As adaptacións centrásense en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora

c) Alumnos con dificultades graves de aprendizaxe:

Para os peor dotados, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, diante da imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales. Estas adaptacións serán significativas (supoñerán eliminación de contidos, obxectivos e os conseguintes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicas ou nucleares). Cando non abundan as adaptacións temos a diversificación curricular, por medio da cal un alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas, ben as ofertas en espazos de optatividade, ben actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra do centro. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X				X
ET.7 - Educación para un consumo saudable e para a paz			X			
ET.8 - Educación para un desenvolvemento sostible			X			
ET.9 - Educación para a saúde	X		X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades no centro	Dramatizacións, contacontos...		X	X
Celebración das conmemoracións.	Samaín, Día da Paz, Día 8 M, Día da Amizade, Magosto...	X	X	
Conmemoracións nos países de lingua inglesa	Halloween, Christmas, Saint Patrick, Tanksgiving day, Easter	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor-a, e a coordinación entre os dous mestres-as. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula na lingua materna para ampliar vocabulario e expresións na LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecúo os contidos e criterios de avaliación do aprendizaxe de acordo o nivel correspondente.
Establezco de forma clara, precisa e coherente os criterios de avaliación e calificación do alumnado.
Empleo formas diversas de agrupamento no aula para o desenvolvemento das actividades: traballo individual, en equipo, en grupo, etc.
Creo un ambiente que facilita o proceso de ensino-aprendizaxe: o alumnado con dificultades está colocado estratéxicamente para favorecer o seu aprendizaxe
Prevenzo e planifico a programación didáctica tendo en conta a adecuación personalizada á diversidade do grupo-clase, aos alumnos concretos que requiren unha resposta diferenciada e/o medidas extraordinarias, ACI, ampliación o enriquecemento
Metodoloxía empregada
Os instrumentos de avaliación son os axeitados
Os recursos empregados facilitaron o aprendizaxe
Promovo e incorporo habitualmente a utilización das TIC no proceso de enseñanza- aprendizaxe.
Manteño a orde na clase e establezo de forma clara e traballada cos alumnos unhas normas de clase que fomentan o respecto, a tolerancia e a participación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Xestiono de forma eficaz o tempo e a adecuada estrutura das sesións.
Medidas de atención á diversidade
Planifico as unidades didácticas de acordo coa programación correspondente, os obxectivos da etapa e a normativa curricular.
Utilizo medidas ordinarias e, se procede, extraordinarias para atender a diversidade dos alumnos organizando a resposta educativa para a inclusión tendo en conta a normativa vixente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo correctamente ao alumnado e as súas familias sobre os aspectos fundamentais do proceso de ensino-aprendizaxe: obxectivos, contidos, criterios e estándares de avaliación e cualificación.

Descrición:

Unha vez comprobados os indicadores de logro, farei os pertinentes cambios ou modificacións na miña programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá, entre outras, as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes do curso anterior.

b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

3. Planificación.

Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe e asegurar a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa:

- a) O reforzo, a partir da información obtida ao final do curso 2022/23 e da avaliación inicial, dos elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.
- b) A aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como recurso didáctico, e a proposta de actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

- c) O emprego dunha metodoloxía didáctica que permita o deseño de actividades educativas variadas e o uso de múltiples recursos, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.
- d) Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado.

9. Outros apartados